

Letras Galegas

Luisa Villalta

2024

Luisa Villalta




Foto do arquivo familiar



Bibliotecas Públicas
Municipais



Concello de
Oleiros

Todo isto unha parte de paraíso
Ete...
...os reloxos das árbores nas pedras
...a monotonia aberta, ante as xanelas
O silencio desperta dun eco de lustro
a facerse río peixe alegría
e logo lanca unha sede insaziábel
o minuto está denso coagulado de conciencia
premidido ao canto das arterias
aferrado á superficie
ESTEBAL que detense avaramente

Letras Galegas 2024

Luísa Villalta Gómez

“Literatura e música, emoción e compromiso”

(A Coruña 1957-2004)

Escritora, docente, filóloga, violinista e tradutora. Licenciouse en Filoloxía Galego-Portuguesa e en Filoloxía Hispánica e acadou o título superior en violín. Formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia. Constituíu, xunto con tres amigos, o cuarteto de cámara “Escaino”.

Sacou praza nas oposicións de ensino secundario de Lingua e Literatura Galegas en 1988. O seu destino provisional foi o Instituto Xosé Neira Vilas de Perillo.

Comeza a escribir, e gaña o primeiro Certame Literario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela con *Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda* (1990).

Editada por primeira vez a súa obra por Francisco Pillado. Tanto para el como para Luísa a música era unha das súas paixóns, polo que visitou con frecuencia a casa que el e Noli Vega tiñan en Oleiros, realizando auténticas veladas poético-musicais.

Participou en seminarios, recitais de poesía, deu conferencias e colaborou en numerosas publicacións periódicas, como *A Nosa Terra*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Tempos Novos*, *Luzes de Galiza*, *Grial*, *A Trabe de Ouro*, entre outras.

Formou parte activa en diversas entidades como na Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, no Foro da Cultura Galega, na Mesa pola Normalización Lingüística etc.

Algunhas das súas obras que hai nas bibliotecas municipais de Oleiros son:

Poesía

- *Música reservada*. Sada: Edicións do Castro, 1991
- *Ruído*. A Coruña: Espiral Maior, 1995
- *En concreto*. A Coruña: Espiral Maior, 2004. XII Premio de Poesía Espiral Maior. Premio da Crítica de Galicia 2005
- *Papagaio* / Fotos Maribel Longueira. Ames: Laidvento, 2006
- *Pensar é escuro: poesía reunida* (1991-2004) / Edición de Armando Requeixo. Vigo: Galaxia, 2023.
- *Así vou eu, formando parte* / Escolma e textos complementarios de Eva Veiga e Pilar Pallarés. Santiago de Compostela: Chan de pólvora Editora, 2024

Teatro

- *Concerto para un home só. Cadernos da Escola Dramática Galega n.º 76*. A Coruña: Escola Dramática Galega, 1989
- *O representante* / Luísa Villalta. En: *Monólogos I* / Jenaro Marinhos del Valhe, Xosé Luis Martínez Pereiro, Imma A. Souto e Luísa Villalta. A Coruña: Escola Dramática Galega, 1991
- *O paseo das esfinxes. Cadernos da Escola Dramática Galega n.º 88* / Música, Paulino Pereiro. A Coruña: Escola Dramática Galega, 1991
- *As certezas de Ofelia* / Luísa Villalta. En: *Antoloxía de teatro galego contemporáneo* / VV. AA. Tomo I. Coimbra: Cena Lusófona, 2022

Narrativa

- *Teoría de xogos*. Santiago de Compostela: Laidvento, 1997
- *As chaves do tempo*. Vigo: A Nosa Terra, 2001

Ensaio

- *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*. Santiago de Compostela: Laidvento, 1992
- *O outro lado da música, a poesía: relación entre ambas partes na historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra, 1999
- *Libro das colunas*. Vigo: A Nosa Terra, 2005



Obras sobre Luísa Villalta:

- *Abonda con vivir Luísa Villalta* / Montse Dopico. Vigo: Xerais, 2024
- *As escumas da letra: biobibliografía de Luísa Villalta* / Esperanza L. Mariño Davila. A Coruña: Baía Edicións, 2024
- *Luísa Villalta: alma de violino* / Beatriz Maceda e Eli Ríos; ilustracións Laura Suárez. Vigo: Xerais, 2023
- *Luísa Villalta, melodía de palabras* / María Canosa. Vigo: Xerais, 2024
- *Luísa Villalta. Muller de música e poesía* / VV. AA. Cadernos de Estudos Locais, nº 32, marzo de 2020. Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2020
- *Somos un pobo de artistas: o método Luísa Villalta*. Xurxo Souto. Vigo: Xerais, 2024
- *Tinta do mar. Pequena biografía de Luísa Villalta* / Textos Polo Correo do Vento SC. Ilustracións Tania Solla. Pontevedra: Lela Edicións, 2023

ANTIQUÍSSIMA

ESA son eu

*rubindo unha e outra vez as escadas
dun mundo posíbel*

*separado sempre pola idade, a teima
e a vontade íntima de voar*

No alto a miña casa alta

e por cima un país nas nubes

lidando co sol difícil do Norte

que sempre se rende ás gadoupas do mar

e esquece ficar para quecerme

De: *En concreto* (2004)



Concello de
Oleiros

Luísa Villalta